

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES PRESENTADOS PARA O PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello de Vilamartín de Valdeorras, o día 11 de decembro de 2018, ás 12:00 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato de xestión do servizo de axuda no fogar, formada por D. Enrique Álvarez Barreiro, que actuará como Presidente; Dna. Albertina Gonzalez Ferreiro (auxiliar administrativa), como secretaria, por Dna. Karina Corzo Anta, (traballadora social do concello), D. Pablo A. Deramond Mundaca e, por último, D. Raúl Gallego Hernández (secretario da corporación), que actuarán como Vogais .

Despois da constitución da mesa, a Secretaria procede ao reconto das proposicións presentadas e á súa confrontación coa certificación de proposicións.

Constátase pola mesa, conforme a certificación de Secretaría do 30/11/2018, as ofertas presentadas no prazo establecido:

Nº	DATA	LICITADOR
1 (nº rex. 2.327-2.328)	28/11/2018	ALPIXENDRA SERVICIOS RURAIS, S.L.

A tal efecto, procédese a continuación á cualificación previa dos documentos achegados no tempo e forma correspondentes e o presidente ordena a apertura do Sobre A da empresa presentada, que fai referencia á documentación administrativa.

O Presidente acorda proceder a examinar formalmente a documentación presentada e o secretario dá fe da relación de documentos que constan.

A mesa despois de examinada a documentación da empresa que se presentou conclúe que está correcta, procedendo neste intre a apertura do Sobre B, como así se anunciou no Perfil do Contratante.

Concello de Vilamartín de Valdeorras

Visto pola Mesa que só se presentou un licitador, Alpixendra Servicios Rurais, S.L. acórdase a apertura Sobre B, correspondente á "Proposición Económica".

No sobre B presenta a oferta económica que consiste en:

- Modalidade de *Dependencia*: 12,35 €/hora (I.V.E. incluído).
- Modalidade de *Libre Concorrenza*: 12,35 €/hora (I.V.E. incluído).

Asemade tamén presenta os servizos complementarios:

2 grúas de mobilización persona/ano sen custo para o concello nin a persoa usuaria.

2 camas articuladas/ano, sen custo para o Concello nin para a persoa usuaria.

5 cadeiras de ducha ou baño/ano sen custo para o Concello nin para a persoa usuaria.

Oferta servizos de limpeza de choque. 50 usuarios sen custo para o concello nin a persoa usuaria.

Oferta accións formativas/ano e usuarios. 50 usuarios sen custo para o concello nin a persoa usuaria.

Oferts servizo de podoloxía a domicilio. 50 usuarios sen custo para o concello nin a persoa usuaria.

Examinada pola Mesa a oferta presentada, considérase axustada e adecuada ó contido dos Pregos que regulan o procedemento de contratación.

Polo tanto, a mesa proponlle ao órgano de contratación a adxudicación á única proposición presentada por ALPIXENDRA SERVICIOS RURAIS, S.L., previo requerimento da acreditar haber constituído a garantía definitiva por importe dun 5% do prezo de adxudicación do contrato e acreditar o requisito de estar o corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 12:30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a acta, que someto á

Concello de Vilamartín de Valdeorras

sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

En Vilamartín de Valdeorras a 11 de decembro de 2018.

O PRESIDENTE



A SECRETARIA



OS VOGAIS

